

INSTRUCCIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO DO PUNTO 6.4 DAS DIRECTRICES PROPIAS DA UNIVERSIDADE DE VIGO SOBRE ESTRUCTURA E ORGANIZACIÓN ACADÉMICA DOS PLANS DE ESTUDO DE GRAO.

As “*Directrices propias da Universidade de Vigo sobre estrutura e organización académica dos plans de estudos de Grao*”, aprobadas en Consello de Goberno do 05/03/08 establecen no seu apartado “6. O procedemento de aprobación” o seguinte, respecto da intervención da COAP no proceso:

6.4.-A proposta de plan de estudos remitirase á Comisión de Organización Académica e Profesorado (COAP) para o seu estudo de viabilidade académica e orzamentaria, de acordo cos recursos humanos e materiais existentes.

Coa finalidade de coñecer a repercusión da implantación dos diferentes estudos de grao, solicítase ás Xuntas de Titulación a información relativa ás actividades académicas presenciais dos estudantes que requiren a impartición de horas docentes polo profesorado. A dita información deberá recollerse para cada materia, nunha táboa como a que figura no anexo I.

As actividades A,B,C poden ser definidas segundo a especificidade das ensinanzas, tendo en conta que as de tipo A responden a clases en “grupo grande” (60 ou máis estudantes), as de tipo B a “grupo intermedio” (entre 16 e 59 estudantes) e as de tipo C a “grupo reducido” (ata 15 estudantes).

O número total de horas do/a estudante en cada materia debe ser 25 horas por crédito ECTS.

O número de horas presenciais do/a estudante debe estar comprendido entre o 30% e o 35% das horas totais ao longo dos estudos.

ANEXO I

CADRO DE CARGA DOCENTE POR MATERIA

MATERIA:				
CURSO:				
CARÁCTER: Formación básica <input type="checkbox"/> Obligatoria <input type="checkbox"/> Optativa <input type="checkbox"/>				
CRÉDITOS ECTS DO/A ESTUDANTE:				
NÚMERO DE ESTUDANTES ESTIMADO:				
ACTIVIDADE (Describir)	HORAS ESTUDANTE (1)	Nº GRUPOS ESTIMADO (2)	HORAS PROFESOR/A (3)	POSIBLE(S) DPTO(S) RESPONSABLE(S) (4)
A. Grupo grande (N≥60)				
B. Grupo intermedio (16≤N<60)				
C. Grupo reducido (N≤ 15)				
SUBTOTAL A+B+C (5)				
ACTIVIDADES AUTÓNOMAS DO/A ESTUDANTE				
TOTAL HORAS DO/A ESTUDANTE (6)				

(1) Expresar horas totais na materia en cada apartado

(2) O tamaño dos grupos poderá acomodarse as necesidades do plano de estudos e deberá ter en conta os recursos humanos e materiais existentes.

(3) Horas profesor/a = Horas Estudiante x Número de Grupos. Inclúe exclusivamente horas presenciais con grupos de estudantes.

(4) É a título orientativo. Poden identificarse varios departamentos. A orde non supón prexuízo algún respecto do futuro encargo docente, que será fixado con posterioridade polo órgano competente cando se afronte a implantación dos estudos.

(5) O número de horas presenciais do/a estudante debe estar comprendido entre 30% e 35% das horas totais ao longo dos estudos.

(6) O número total de horas do/a estudante en cada materia debe ser 25 horas por ECTS.